


NOTA

Nova publicación dos investigadores de HISTAGRA



O catedrático de Historia Contemporánea e investigador de HISTAGRA, **Ramón Villares Paz**, coordina a publicación: *Galicia no contexto global: Un país periférico?* Este traballo forma parte da colección Faladoiros patrocinada pola Cátedra Juana de Vega e conta, cunha colaboración do IP de HISTAGRA **Lourenzo Fernández Prieto**: "O paradigma do «atraso»: razóns dun éxito", amais das conclusións elaboradas polo profesor Villares Paz.

Sobre o libro:

Neste traballo pretendemos afrontar unha crítica das «ideas recibidas» e dos estereotipos que corren sobre a imaxe externa (e interna) de Galicia, tales como o atraso económico e valores a el asociados. Dito con termos máis actuais, que tipo de relato explica a posición de Galicia no mundo. Un segundo obxectivo era analizar os retos e limitacións que podería presentar na sociedade global a posición xeográfica de Galicia e as súas apostas estratéxicas no campo produtivo, nomeadamente nos sectores da agroindustria, do comercio exterior e da innovación tecnolóxica. Un terceiro obxectivo era avaliar as mudanzas recentes e como inserir o perfil económico e cultural de Galicia nun mundo cambiante e, ao propio tempo, nun contorno europeo no que se está a sentir unha profunda crise económica. E, finalmente, o desenvolvemento da sesión debería permitir individualizar algunhas fortalezas e debilidades, así como fixar algúns desafíos futuros. Máis que de prognósticos, propoñíase unha diagnose realista e integrada da situación presente que permitise tirar algunhas conclusións que puidesen ser de utilidade cara ao futuro. (Limiar)

O traballo está editado en formato electrónico pola USC, e pode descargarse na seguinte ligazón:

<http://www.usc.es/libros/index.php/spic/catalog/book/856>



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"